



Marcos Valcárcel, Henrique Alvarellos e Anxo Tarrío, no Clube de Prensa de Santiago o 23/03/06.

## ALVARELLOS EDITORA PRESENTOU EN SANTIAGO O LIBRO ESQUECIDO DE VICENTE RISCO

- Titúlase *Últimas páginas sobre Galicia* e recolle a obra xornalística completa deste intelectual galeguista para a revista *Vida Gallega*.
- Algúns dos escritos remóntanse ao ano 1919 e chegan ata xuño de 1962, poucos meses antes do falecemento do autor.
- Unha coidada edición que incorpora un amplo estudo sobre Risco a cargo de Marcos Valcárcel, un escrito de Arturo Lezcano (compañeiro de tertulia do autor) e varios manuscritos inéditos.
- Marcos Valcárcel: “Risco foi un luxo para a cultura galega”
- Anxo Tarrío: “Pódense contar por miles os artigos que escribiu Risco nos xornais”
- Henrique Alvarellos: “Este libro tenta encher un dos moitos ocos da nosa cultura: a obra xornalística esquecida dos nosos grandes literatos”.

Alvarellos Editora presentou no Club Internacional de Prensa de Santiago o volume *Últimas páginas sobre Galicia*, unha coidada edición que recolle a obra xornalística completa de Vicente Risco para a revista *Vida Gallega*, uns traballos que se remontan no tempo ao ano 1919 (coas cartas da polémica entre os nacionalistas e os rexionalistas da época) até os derradeiros escritos do autor, os ensaios publicados en 1962, once meses antes do seu falecemento.

No acto participaron o autor do documentado estudo introdutorio, o catedrático de Lingua e Literatura galegas, historiador e escritor **Marcos Valcárcel**, o catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa da USC e responsable da Sección de Literatura da



Rúa das Arribadas 7, 1ºC  
15706 SANTIAGO (GALICIA)  
[www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)  
Tel: 609 90 88 52

Fundación Vicente Risco, **Anxo Tarrío Varela**, e o editor do libro, **Henrique Alvarelos Casas**.

Vicente Risco (Ourense, 1884-1963) foi un dos grandes piares da literatura e do pensamento galegos do pasado século. Erudito, vangardista, amenísimo, enxeñoso, contraditorio, brillante... Todos estes adxectivos toman corpo nos textos de *Últimas páxinas sobre Galicia*, un volume que redescobre ao mellor Risco nuns escritos que levaban esquecidos medio século e que xamais foran publicados en libro.

#### VALCÁRCEL: “TODO UN AGASALLO PARA O LECTOR DE HOXE”

Marcos Valcárcel sinala que “calquera das entregas do ourensán en *Vida Gallega* é un agasallo para o lector de onte e de hoxe”, ao tempo que afirma que “Risco utilizou o xornalismo como plataforma de maxisterio intelectual, e foi ademais o escritor/galeguista que máis colaboracións fixo nas revistas da emigración”. Na súa reivindicación da figura de Risco, o autor do Limiar sinala que “non se pode reducir a figura de Risco ás súas posicións coxunturais nun momento político. Risco é un luxo para a cultura galega, e a nosa cultura non se pode permitir ignorar nin desprezar de ningún xeito o inmenso caudal das súas aportacións”.

Valcárcel subliña finalmente que “a revista *Vida Gallega* foi, na súa segunda etapa, a vinculada á familia de Henrique Alvarelos, un manantial de escritores galeguistas”.

#### ANXO TARRÍO: “CÓNTANSE POR MILES OS SEUS ARTIGOS”

Anxo Tarrío Varela loubou, pola súa banda, “calidade, mesmo estética deste libro e da Colección Rescate” na que se encadra. Con respecto ao Risco xornalista, afirmou que “pódense contar por miles os artigos que escribiu para xornais e revistas” e entre os escritos recollidos en *Últimas páxinas sobre Galicia* subliñou a “Autobiografía confidencial”, onde Risco “afirma inscribirse no Surrealismo, mesmo fala de que a súa escritura ten moito de automática, cando nunca se tiña decantado por ningún dos movementos de vanguardia”.

#### RECUPERADO UN TEXTO DE TEMÁTICA COMPOSTELANA, E CINCO MANUSCRITOS INÉDITOS

No conxunto de traballos de *Últimas páxinas sobre Galicia* hai mostras de grande interese do xornalismo de Risco que abordan temas moi variados, desde as paisaxes galegas ata a interpretación da arte románica do país, ademais de achegas de crítica literaria, reflexións sobre o mundo das artes, os viños e as tradicións galegas ou sobre a relevancia de Portugal na cultura galega.

Hai así mesmo unha novidosa reivindicación dun cine galego, que Vicente Risco asina á altura de 1958, moitos anos antes dos debates fundacionais sobre o cinema galego nas Xornadas do Cine de Ourense de 1973.

E un texto de temática xacobeá que permanecía, como todo o resto deste material, esquecido: trátase dun relato publicado o 10 de novembro de 1930 (correspondente ao número 466 da revista *Vida Gallega*) onde Vicente Risco narra a aparición dos restos do Apóstolo. Este artigo, que ocupa dúas páxinas da revista, aparecía ilustrado orixinalmente con tres “grabados en buxo” asinados por Castelao.

*Últimas páxinas sobre Galicia* representa o terceiro tomo da Colección Rescate de Alvarelos Editora e inclúe, ademais do material citado, cinco manuscritos inéditos do



autor, á parte de reproducións de varios de seus traballos tal e como foron publicados na revista *Vida Gallega*.

## ALVARELLOS: “RISCO COMBINA ERUDICIÓN E SINXELEZA”

Henrique Alvarellos destacou na presentación desta nova publicación que “descubrir ou redescubrir a Vicente Risco é un gratísimo pracer. É dos grandes clásicos que, a un tempo, preséntasenos como fundamente moderno. Ademais, combina como moi poucos a erudición coa sinxeleza, algo moi difícil. Alvarellos Editora está sen dúbida orgullosa de incluír na súa Colección Rescate a este autor”.

Para Alvarellos “na nosa cultura hai moitos ocos que encher. Entre eles, a obra xornalística de moitos dos nosos grandes escritores, espallada e esquecida por obras de Galicia e da emigración. A Colección Rescate naceu coa vontade de recuperar parte deses traballos”.

## FICHA TÉCNICA

---

*Título:* ÚLTIMAS PÁGINAS SOBRE GALICIA

*Subtítulo:* ARTÍCULOS OLVIDADOS EN VIDA GALLEGA, 1919-1962

*Nº páxinas:* 197

*PVP:* 17 €

*Medidas:* 14x21

*ISBN:* 84-89323-03-8

*Colección:* “Rescate”

*Encadernación:* tapa dura

*Ilustracións:* reprodución de cinco manuscritos inéditos e varias páxinas da revista *Vida Gallega*, dende 1919 a 1962.

*Idioma:* castelán e galego

**[MÁIS INFORMACIÓN EN [WWW.ALVARELLOS.INFO](http://WWW.ALVARELLOS.INFO)]**



Rúa das Arribadas 7, 1ºC  
15706 SANTIAGO (GALICIA)  
[www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)  
Tel: 609 90 88 52